

HORIZONTE ANUAL	HORIZONTE 2010-2014
<ul style="list-style-type: none"> — Fixación de prioridades — Adaptación a un escenario financeiro adverso — Cumprimento dos pactos de estabilidade — Austeridade orzamentaria — Eficacia da Administración e establecemento dun orzamento por obxectivos — Medición dos resultados 	<ul style="list-style-type: none"> — Execución do programa de goberno — Acordos no seo do diálogo social — Programas sectoriais — Execución do Marco comunitario 2007-2013 — Lei estatal de economía sustentable — Transposición da Directiva de servizos comunitaria — Establecendo un marco de prioridades financeiras e orzamentarias plurianual

2.1 OBXECTIVO GLOBAL: CRECIMENTO SUSTENTABLE E CREACIÓN DE EMPREGO, AUMENTANDO A COHESIÓN SOCIAL E O EQUILIBRIO TERRITORIAL.

As tendencias que sinalan a evolución das variables macroeconómicas fundamentais, na medida en que reflicten cambios estruturais, ou os datos derivados dos intercambios comerciais co exterior e dos fluxos de capitais son a base para a estimación do grao de competitividade da economía.

Os devanditos datos vanse relacionando progresivamente con outros factores máis complexos que procuran recoller o grao de compromiso das autoridades e institucións co atractivo dos territorios para atraer recursos financeiros, investimentos e afluencia de clase creativa a

través dos coñecementos e tecnoloxía, talento e tolerancia.

Se nos fixamos na posición de Galicia con respecto á media das rexións europeas, e tamén respecto ás rexións españolas, o noso grao de competitividade é baixo en termos relativos. As diferenzas no tocante ao potencial demográfico, a composición do mercado de traballo, factores básicos de desenvolvemento marcan índices por debaixo da media das rexións europeas, e tamén nos equipamentos de sanidade e de infraestruturas públicas de carácter tecnolóxico.

Os factores tradicionalmente ligados á produtividade, como as infraestruturas físicas, á accesibilidade aos factores produtivos, aos insumos e aos mercados, e a dispoñibilidade de capital e fontes de financiamento teñen variado a composición nas últimas décadas, gañando importancia a *soft infrastructure*, as estruturas intanxibles que propician a actividade de negocios e a innovación dentro das rexións. A igualdade de oportunidades, un contorno con calidade de vida e ambientalmente sustentable enténdense como factores de competitividade a longo prazo.

Con base na calidade de factores como a produtividade e os niveis educativos e de emprego, as previsións para 2020 da Unión Europea con respecto ao impacto da globalización indican que as rexións se verán beneficiadas ou prexudicadas en función da súa capacidade para a innovación e o grao de competitividade. Aquelas rexións que non poidan establecer un modelo de desenvolvemento baseado no coñecemento experimentarán resultados negativos.

Galicia é unha das rexións de Europa con menor relación entre traballos de calidade relacionados con actividades creativas e culturais, o que reflicte un reducido factor de atractividade sobre a afluencia de investimentos ligados á economía do coñecemento e innovación.

Se somos consecuentes coas anteriores consideracións, as prioridades de actuación, enfocadas cara ao aumento da competitividade entendida como conxunto de facto-

res de innovación sostida, deben establecerse arredor de:

- A capacidade e calidade da gobernanza das institucións.
- A eficiencia dos mercados financeiros e de capitais.
- O perfeccionamento das infraestruturas físicas de transporte e de comunicación e conectividade e transferencia tecnolóxica.
- O contorno empresarial e a calidade das relacións entre as institucións empresariais e os organismos públicos.
- As capacidades tecnolóxicas da rexión.
- As calidades do factor humano referidas á capacidade innovadora e aos niveis de formación.
- A sustentabilidade ambiental, calidade de vida, e atractivo residencial.

A xestión desta realidade e das sinerxías é o marco de competitividade para aproveitar as oportunidades emerxentes e confrontar o futuro.

A estratexia rexional, polo tanto, debe focalizarse en como xestionar o territorio e o coñecemento no territorio: o territorio interactúa e xera sinerxías entre as capacidades dos traballadores e innovadores, o coñecemento social de empresas, universidades e institucións, e o capital físico de infraestruturas físicas e da información.

Con todo, as dificultades para desenvolvermos unha sociedade “intelixente”, capaz de medrar e progresar de forma integrada e sustentable depende, en última instancia, da capacidade de xestionar o coñecemento e manter a innovación e a creatividade. Galicia tense que xunguir ao esquema europeo de desenvolvemento innovador e intégrase no Espazo Europeo de Investigación, desenvolvendo unha axenda investigadora propia, pero incardinada nos asuntos e correntes que conforman o groso da investigación europea nos terreos da enerxía, o cambio climático, a saúde, o transporte eficaz e enerxeticamente responsable, a xestión do territorio, etc.

Introducir este sentimento e o espírito emprendedor e creativo nas empresas galegas e na sociedade no seu conxunto é, posiblemente, a meta común que, como sociedade, debemos emprender. Todos os esforzos e instrumentos que sexan capaces de apoiar a innovación e reforzar a cooperación entre educación, empresa e innovación, apoiando os investigadores e as empresas en condicións de competencia e creatividade, serán necesarios na construción dun modelo de sociedade do coñecemento.

O plan parte dunha reflexión prospectiva a longo prazo, na que se identifican os retos que Galicia afrontará no futuro, resumidos en tres grandes grupos: o problema demográfico, a competitividade da economía e o respecto ambiental e aproveitamento enerxético. A confrontación entre retos e realidade actual finaliza na fase de diagnose, cunha análise DAFO que sintetiza o conxunto de debilidades e fortalezas internas e de ameazas e oportunidades que ofrece o contorno exterior.

Os resultados da análise revelan problemas demográficos de gran calado, cun censo poboacional que sofre un aumento no extremo dos grupos de idade máis avanzada, presenta unha distribución asimétrica da poboación sobre o territorio e unha baixa taxa de actividade. A atomización dos sectores produtivos, un sistema educativo mellorable, un balance ambiental en progresión decrecente, e aínda deficiencias en infraestruturas de transporte e mobilidade, xunto coas fendas dixital e da innovación poñen de manifesto a realidade dun tecido económico que precisa dun maior dinamismo e maiores niveis de internacionalización.

No outro lado da balanza, Galicia ten fortalezas e dispón e disporá de oportunidades. O desafío consiste en optimizar ambas, desde unha visión realista, crible e mobilizadora, na convicción de que o éxito será o de todos. É preciso crear valor engadido, fomentar o espírito empresarial, avanzado nas cadeas sectoriais de creación de valor, ampliar o grao de apertura da economía, aumentar a capacidade de iniciativa, mello-

rar a capacitación profesional, asumir riscos e establecer compromisos.

No horizonte externo prospectivo de 2020, a estratexia europea de crecemento establécese simultaneamente sobre tres prioridades: intelixencia, sustentabilidade e cohesión. O crecemento intelixente fai referencia á competitividade da economía por

ser creativa e innovadora; o crecemento sustentable caracterízase por un emprego eficaz dos recursos que permite a competitividade ao longo prazo. E o crecemento integrador incorpora tal condición por ser capaz de creación de emprego de calidade, con integración social e igualdade de oportunidades e unha distribución territorial equilibrada da riqueza.

ESPAZO	FINALIDADE	HORIZONTE 2020
<ul style="list-style-type: none"> — Concepción unitaria do territorio: "Galicia, cidade única" — Potencialidades de Galicia en Europa, a partir dun equilibrio territorial interior, e integración no espazo nacional, transfronteirizo, atlántico e na economía globalizada mundial 	<ul style="list-style-type: none"> — Calidade de vida e benestar dos galegos: "Galicia, para vivir, traballar e investir" — Construción dun novo modelo produtivo, baseado na economía do coñecemento — Respecto ambiental: "Converter o territorio nun factor de desenvolvemento" 	<ul style="list-style-type: none"> — Enfoque da política de cohesión rexional e territorial na nova Unión Europea, Tratado de Lisboa, e "Europa 2020" — Novas fórmulas de gobernanza — Coincidindo co próximo período orzamentario da UE: marco 2014-2020

Galicia, desde a adhesión á Unión Europea, hai case vinte e cinco anos, desenvolveu ritmos de crecemento que lle permitiron acurtar distancias en termos de renda e riqueza, máis ten aínda que prepararse para converterse nunha das rexións de referencia da moderna identidade europea.

Consecuentemente, o plan estratéxico fixa uns obxectivos globais para o remate do período 2010-2014 e aínda para o horizonte de 2020, que en esencia significan a incorporación de Galicia no espazo da Unión

Europea como rexión cunha participación activa e de signo positivo na implantación das políticas de crecemento e de cohesión. En termos de referencia e de indicadores de obxectivo, o plan impoñe uns obxectivos globais cara ao horizonte de 2020, que enlazan cos obxectivos da Unión non só en termos de aceptación cualitativa senón –e este é o verdadeiro reto– en termos de cumprimento cuantitativo. Do cumprimento cuantitativo que nos sitúa como rexión que lle engada á Unión unha parte da riqueza, cultura e progreso, e carácter social.

	ACTUAL	2014	2020
CRECIMENTO			
PIB per cápita Galicia Vs. da media UE-27	90%	95%	100%
Poboación empregada entre 20 e 64 anos	63%	>65%	>75%
Grao de apertura da economía	125%	135%	145%
COÑECEMENTO			
Redución do fracaso escolar	26%	<20%	<10%
Porcentaxe da poboación entre 30 e 34 anos con titulación en ensino superior	41%	>45%	50%
Emprego TIC fogares e empresas	42,3%	>55%	>75%
Investimento público e privado en I+D	1%	>1,5%	>3%
Incremento patentes rexistradas	176	200	280
SOSTIBILIDADE			
Consumo de electricidade procedente de fontes renovables	61,3%	95%	100%
Producción enerxías renovables s/consumo total en Galicia	13,8%	20%	30%

En canto ao crecemento e á renda nos seus termos máis xenéricos, Galicia deberá alcanzar a media europea rexional en termos per capita para 2020, nivel que, para non estar excesivamente influenciado por unha dinámica demográfica negativa, debería acompañarse dun grao de apertura da economía e dunha poboación de entre 20 e 64 anos empregada por riba do 75 por cento semellantes ao obxectivo europeo medio, que sería a tradución dun crecemento máis competitivo e con maior produtividade.

Queremos que o crecemento da renda estea baseado nunha sociedade innovadora, que aproveite as oportunidades, o que se debería plasmar en indicadores de produtividade, eficiencia do sistema educativo, e grao de recursos dedicados á investigación e materializados en innovación na liña pretendida, o que suporía unha redución significativa do fracaso escolar, ata o 10 por cento; un aumento da poboación nova con estudos de nivel superior de, polo menos, o 50 por cento e un esforzo investidor en I+D equivalente a un 3 por cento do PIB rexional, segundo pretende a axenda europea para 2020 nestes momentos.

Queremos un crecemento sustentable, reflectido nun incremento importante da eficiencia enerxética, que combinado co aumento da produción de enerxías renovables acade ratios de produción procedente de fontes renovables superiores ao consumo de electricidade da rexión en 2020, e superiores ao 20 por cento do consumo total bruto enerxético para esa mesma altura, achegándonos nalgunha medida e supe-

rando noutras aos obxectivos comunitarios 20/20/20 en materia de enerxía e clima.

En síntese, queremos estar cara ao primeiro cuarto do século XXI por riba da media europea en renda por habitante, pero queremos tamén estar por riba da media europea na contribución positiva a unha Europa máis competitiva, máis intelixente, máis cohesionada no social e territorial, e máis respectuosa co medio.

Asumindo de cheo as ditas prioridades e mantendo a vista no horizonte para 2020, o Plan estratéxico 2010-2014 da Xunta de Galicia ten como finalidade definir as liñas mestras da política económica para ese período, aplicando a actuación da Administración autonómica no desenvolvemento social e económico da rexión, contribuíndo ao máximo aproveitamento dos recursos humanos e naturais dispoñibles, e a optimización das potencialidades do noso territorio.

Como xa se indicou, para reafirmarse nun modelo de crecemento intelixente, ganando en competitividade mediante a innovación e a creatividade, Galicia deberá fundamentar o crecemento de maneira sustentable, cun emprego eficaz dos recursos que manteña a competitividade no longo prazo, capaz de integrarse nun mundo globalizado, para o que será necesario aumentar a internacionalización da economía e a capacidade de atracción do territorio.

Desde outro enfoque, pero con idéntica conclusión, trátase de avanzar na definición e construción dun modelo integrador; pola capacidade de crear emprego de calidade

e aumentar a cohesión social e territorial de desenvolvemento, do que a definición e construción require de reformas e cambios de conduta cualitativos que non poden ser levadas a cabo sen o coñecemento e a colaboración dos axentes sociais e económicos, que teñen que involucrarse no proceso. Así, unha condición necesaria para o éxito das reformas emprendidas é que sexan admitidas e compartidas polos cidadáns, na súas condicións de axentes activos, contribuíntes e á vez usuarios.

Polo que respecta aos cometidos do sector público no deseño e construción dun novo modelo, estes tenden cara a un papel máis orientativo e regulador. Permanecen as funcións de mellora das infraestruturas físicas do hardware local en transportes, solo empresarial, e equipamentos de servizos sociais, pero gañan peso específico as de software social de carácter cualitativo, como a formación, o estímulo ao espírito emprendedor, á innovación e o fomento da colaboración, así como o orgware, ou forma de relacionarse entre administracións e empresas, constituíndo redes de cooperación formal e informal. A cargo do sector público permanece a subministración e mantenza de determinados servizos básicos –nos que deberá centrarse na extensión, calidade e custo– e as funcións de regulación e ordenamento, garantindo un funcionamento eficaz dos mercados, a preservación dos recursos naturais e a sustentabilidade do medio –o ecoware– e os impulsos con relación aos factores sectoriais ou transversais de desenvolvemento que carecen dunha dinámica propia.

Desde unha aproximación máis local, o desenvolvemento das rexións –Galicia incluída– está estreitamente ligado á interacción entre o capital físico, o capital humano e o capital empresarial. A chave do despunte económico reside, pois, en determinar que factores resultan ser os máis produtivos e competitivos en cada territorio, para obter investimento produtivo e para reter o mellor capital humano. A fórmula inclúe os ingredientes de talento, técnica e tolerancia, e na consecución e combinación destes deberemos establecer un sistema propio.

Nun modelo económico no que teñan cabida as características que se mencionaron, á Administración autonómica –ademais da demostración dunha conduta de aforro e austeridade– cómprelle un papel de liderado. Ante as dificultades do momento e as incertezas que propicia un cambio de modelo, os cidadáns demandan ideas e directrices, e valoran a claridade e a seguridade. Neste sentido, o liderado do Goberno da Xunta debe ser o elemento orientador que xere confianza e expectativas favorables nos axentes económicos e na sociedade en conxunto.

En canto á avaliación da misión e dos resultados que a Administración autonómica achega a un novo modelo económico, xa non se pode medir a eficacia da actuación da Administración en termos de gasto público incrementalista, pois córrese o risco de que o cidadán perciba soamente que está a recibir menos cando máis o necesita, e cuestionarase o labor dos poderes públicos.

Ademais das razóns financeiras que imponen unha reflexión acerca da avaliación e reconsideración das políticas públicas, nunha sociedade moderna trátase de compar-

tir; non de substituír, que valoren os esforzos mutuos en termos de corresponsabilidade, e se é o caso, de colaboración e aínda de cofinanciamento.



COHESIÓN ECONÓMICA: UN MODELO DE CRECEMENTO SUSTENTABLE

1. Un modelo baseado na potenciación dos feitos diferenciais con vantaxe comparativa.
2. Un modelo baseado na competitividade, na mellora da produtividade dos factores produtivos, con especial atención ao factor humano, á capacidade de aprendizaxe e innovación.
3. Promoción do desenvolvemento tecnolóxico e da creación de empresas baseadas no coñecemento e a tecnoloxía.
4. Fomento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
5. Fomento da calidade.
6. Defensa da competencia. Directiva de servizos.
7. Financiamento das empresas. Fomento do capital risco.
8. Redefinición da política de clústers. Apoio financeiro mediante contratos programa.
9. O territorio e o contorno natural como un punto forte da economía galega.
10. Sectores de enerxías renovables. Eficiencia enerxética.

COHESIÓN SOCIAL: IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, AUMENTO DAS CAPACIDADES

1. Apoio integral ás familias galegas.
2. Políticas de acceso a educación, sanidade, vivenda, servizos...
3. Servizos públicos próximos e de calidade.
4. Educación e Formación. Calidade. Política de formación continuada da poboación.
5. Sanidade: garantías de prestación, educación e sanidade preventiva, profesionais e investigación.
6. Protección dos consumidores.
7. Políticas activas de emprego.
8. Políticas de igualdade e conciliación.
9. Integración social.


COHESIÓN TERRITORIAL: ORDENACIÓN DO TERRITORIO

1. O desenvolvemento territorial debe levarse a cabo en termos de sustentabilidade e ordenación equilibrada do territorio.
2. A cohesión territorial contribúe á cohesión social reducindo ou superando a discriminación por localización xeográfica. Facilita o desenvolvemento de relacións estables e positivas nos diferentes ámbitos da vida cotiá.
3. Galicia cidade única e policéntrica: a ordenación do territorio, a mobilidade fácil e sustentable e a xeración de espazos públicos simbólicos articuladores da vida cidadá, permiten o encontro na diversidade; facilitan que os distintos sectores da poboación nun ámbito territorial determinado se sintan pertencentes e arraigados ao lugar e sexan capaces de exercer unha cidadanía activa.
4. Establecemento de mecanismos de solidariedade entre territorios, incidindo positivamente na igualdade de oportunidades da poboación do territorio (Plan Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
5. Creación de áreas metropolitanas e estratexia de integración das cidades co seu contorno.
6. Reformas legislativas nos campos administrativo e de uso e ocupación do solo.

Baixo tales principios, o Plan estratéxico para Galicia 2010-2014 oriéntase dende a análise da situación de partida e do contorno económico, define os grandes obxectivos a medio e longo prazo que fagan de Galicia un lugar para vivir, traballar, investir e prosperar, relacionando a realidade socioeconómica galega actual xunto cos desafíos a que estará sometida a rexión na próxima década, e desígnanse as liñas mestras e medidas que a Xunta de Galicia porá en marcha durante o período 2010-2014 en cumprimento dos compromisos adquiridos no programa do Goberno.

O Plan estratéxico 2010-2014 horizonte 2020, orienta e marca o inicio dunha nova etapa nas tarefas precisas para deseñar un plan de desenvolvemento a longo prazo para Galicia, compatible cun novo modelo económico baseado na sustentabilidade, na cohesión e no progreso, facilitando a determinación das políticas sectoriais que se van seguir, e as medidas de acompañamento ou plans transversais para definir e acometer. Considerando que as persoas e o traballo son o vector principal do progreso social e da autonomía persoal, o plan busca promover o círculo virtuoso da elevación dos niveis de cualificación e capacitación, ao servizo do desenvolvemento colectivo e persoal.

FACTORES DE DESENVOLVEMENTO DO NOVO MODELO



As políticas sectoriais, actuacións de fomento, apoio e indución, para un máis rápido actuar do sector privado no terreo dos sectores produtivos, que establecen unha política propia de estratexia cara ao futuro, asumindo en último termo os riscos e beneficios individuais. Defíñense *a priori* certos sectores de actividade que, ben pola importancia que teñen na creación de valor engadido, achega relativa

ao PIB rexional, ou capacidade de mantemento de emprego representan parcelas relevantes da economía de Galicia e merecen permanente atención. Algúns destes sectores, como a agricultura, pesca e marisqueo ou forestal están intimamente ligadas á explotación económica de recursos naturais propios e únicos, polo que representan fontes irrenunciáveis de riqueza e emprego.

Políticas SECTORIAIS	Políticas TRANSVERSAIS
<ul style="list-style-type: none"> — Actuacións en reforzo dos sectores produtivos — Coa finalidade de avanzar na creación de valor engadido no sector ou clúster — Nos que o protagonista é a iniciativa privada — A actuación da Administración é de apoio en cuestións como internacionalización, I+D, formación, establecemento de contratos-programa 	<ul style="list-style-type: none"> — Actuacións de carácter horizontal — Co liderado da Administración — Por ser de competencia da Administración — Pola importancia que representa no sector — Que se identifican en grande medida cos eixes e obxectivos estratéxicos

Ao seu lado, sectores con gran presenza no tecido produtivo galego, de arraigada tradición industrial e artesanal, como a pedra e rocas ornamentais, o téxtil, moda e confección ou o automóbil que, cada un coas características que lle singularizan, son

unha constatación continuada da existencia de vantaxes comparativas de Galicia na súa produción, sexa por proximidade aos recursos, ou pola tradición, experiencia e capacitación dos galegos no seu traballo e experiencia.

POLÍTICAS SECTORIAIS: PROCESO DESENVOLVEMENTO


1. Clasificación da importancia estratéxica do sector como:
 - 1.1 SECTORES BÁSICOS: de grande importancia para o VEB de Galicia e/ou o emprego
 - 1.2 SECTORES ESTRATÉGICOS E DE FUTURO: con vantaxes comparativas iniciais, e posibilidades de crecemento e aumento de produtividade
 - 1.3 SECTORES COMPLEMENTARIOS: necesarios para lograr e manter as vantaxes competitivas dos demais sectores.
2. Análise e diagnose de partida: DAFO sectorial
3. Definición da estratexia conxunta do sector
4. Establecemento de compromisos compartidos en termos de I+D, formación, loxística, internacionalización etc.
5. Revisión periódica dos resultados obtidos e redefinición de políticas e actuacións

Outra relación, igualmente non exhaustiva, xunta os sectores e ramas de actividade dos que unha presenza eficaz representa unha necesidade para o funcionamento en réxime de produtividade dos demais, como os servizos ás empresas e persoais, transporte e loxística: son necesarios para un funcionamento do tecido no conxunto, e son, á vez, fonte de creación de emprego de calidade, e menor risco de deslocalización, sempre que manteñan a capacitación dos profesio-

nais e un nivel tecnolóxico de eficiencia que asegure a competitividade.

En termos xerais, as políticas e actuacións en colaboración cos sectores produtivos procuran a xeración de externalidades positivas, do impulso do "círculo virtuoso" que pode acompañar a un clúster ou sector; se o acordo e consenso social entre fabricantes, auxiliares e provedores, traballadores e Administración se realizan en termos de cooperación.

SECTORES EXTRATÉXICOS DE FUTURO



Canto aos factores de competitividade, nos que a presenza activa das administracións é unha condición máis necesaria, e nalgúns casos case que imprescindible para garantir o funcionamento de servizos básicos en condicións de accesibilidade, e de igualdade de acceso ás oportunidades de todos os cidadáns ao longo de todos os territorios de Galicia, as actuacións establécense no Plan estratéxico cunha estreita relación coa análise DAFO, que se evidencia no alto grao da correspondencia entre as debilidades e

fortalezas apreciadas da rexión e os obxectivos, os eixes prioritarios e os obxectivos estratéxicos que fundamentan e forman os alicerces do Plan estratéxico.

POLÍTICAS TRANSVERSAIS

Atendendo aos factores críticos	E sen esquecer
<ul style="list-style-type: none"> — Enerxía — TIC e comunicación — Transporte e loxística — Infraestruturas viarias — Infraestruturas TIC — Formación e capacitación — I+D+i — Solo industrial 	<ul style="list-style-type: none"> — Internacionalización e apertura ao exterior — Reforma da Administración — Espírito de emprendemento — Equilibrio territorial — Gobernanza — Partenariado — Colaboración público-privada.
Desenvolver o papel da Administración	
<ul style="list-style-type: none"> — Como axente económico provedor de servizos e demandante de bens e servizos — Como axente planificador indicativo, regulador de mercados, e orientador das actuacións económicas 	